



VII CERTAME DE CREACIÓN LITERARIA DO IES de PONTECESO



MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

POESÍA: Un poema ou conxunto de poemas breves, en **3 copias** en tamaño folio e **mecanografadas** a dobre espazo, identificadas cun título e mais un pseudónimo. Adxuntarase un sobre pechado en cuxo exterior figure o título e mais o pseudónimo, e no interior: nome, curso, grupo e nº de teléfono.

RELATO CURTO : Unha narración cunha extensión máxima de 5 páxinas, en 3 copias tamaño folio, por unha cara, con letra tamaño 12 a dobre espazo e grampadas, identificadas cun título e mais un pseudónimo. Adxuntarase un sobre pechado en cuxo exterior figure o título e mais o pseudónimo, e no interior: nome, curso, grupo e nº de teléfono.

As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación

"VII CERTAME DE LITERATURA do I.E.S de Ponteceso.

Modalidade de Poesía / Relato Curto" sen remite identificador, na Secretaría do Centro ou nos buzóns preparados a tal efecto.

BASES

- 1.** Poderán participar neste certame todas as alumnas e alumnos do I.E.S de Ponteceso que presenten as súas creacións escritas en lingua galega. Os textos terán que ser orixinais e inéditos e non estar premiados en ningún outro concurso.
- 2.** As modalidades nas que poden participar os interesados son POESÍA e RELATO CURTO. **Non poderán participar** nunha modalidade **os alumnos** que resultaran **gañadores** nela o ano anterior.
- 3.** O prazo de presentación dos orixinais remata o **30 de maio de 2014.**
- 4.** O premio terá unha dotación única de **50€** (25€ en metálico e 25€ máis en vales de compra) máis un agasallo literario para o gañador de cada modalidade, e poderá declararse deserto.
- 5.** Os traballos premiados publicaranse na revista do centro, *Mariantella*.
- 6.** A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.

